

# AS ESTACIONES DE



# O MUNDO QUE QUEREMOS

UN ANO SOLAR DIVIDIDO E CARACTERIZADO POR TEMPO DE LOAIRA

*Vaite vindo, vaite vindo  
que eu tamén vou andando,  
fixen a cama na folla,  
o vento vaima levando*



XULLO DE 2015



Esta licenza permite copiar, distribuír, exhibir os textos e imaxes deste documento sempre que se cumpran as seguintes condicións:



Autoría e atribución: Deberá respectarse a autoría indicando o nome das autoras.



Compartir baixo a mesma licenza: Se altera ou transforma esta obra, ou xera unha obra derivada, só pode distribuír a obra xerada baixo unha licenza idéntica a esta.

*Unha árbore con doce pólas,  
cada póla catro fillos,  
cada fillo sete fillos,  
e cada un co nome distinto.*

As estacións que fan mudar as paisaxes das nosas fiestras dependen do punto da Terra no que se atope esa ventá. A inclinación do eixo do mundo determina a cor das follas, o longo dos días e das noites, o tamaño do sol e da lúa ou o número de pingas de auga que veremos caer. Nas nosas latitudes falamos de catro estacións que visten ou ispen as árbores, que mudan os ánimos e as migracións dos paxaros.

No ano solar polo que orbita O Mundo que Queremos podemos distinguir catro estacións diferentes, que non veñen marcadas pola súa proximidade ou distancia coa liña imaxinaria que marca o ecuador do planeta. O que diferencia a estas primaveras, veráns, outonos e invernos non se percibe só cos ollos ou coa sensación de frío e calor da nosa pel; percíbese tamén coas orellas. Son paisaxes sonoras dun mundo plural, diverso e repleto de acentos protagonistas. A cada voz e a cada entoación lle dedicamos unha estación neste marco temporal de once meses de duración, porque niso nos centramos, en escoitarvos.

E isto foi o que fixemos.

Ao longo das catro estacións escoitamos :



8 ENTREVISTAS CON 8  
PERSOAS QUE FORMAN  
PARTE DO GRUPO DE  
ONGD QUE EXECUTAN  
O PROXECTO

1 HORA 14 MINUTOS E 41  
SEGUNDOS DE VERBAS DO GRUPO  
DE DISCUSIÓN CON 2 PROFESORES  
E 4 PROFESORAS DE 5 CENTROS  
EDUCATIVOS

A 36 MOZOS E MOZAS  
QUE CONTESTARON A 5  
PREGUNTAS


UNHA CONVERSA CON ACENTO  
DOMINICANO  
UNHA CONVERSA CON ACENTO  
SALVADOREÑO  
UNHA CONVERSA CON ACENTO DE  
GUINEA BISSAU

A través das nosas fiestras vimos pasar o tempo e tamén puidemos ver :



2 PARTES METEOROLÓXICOS  
DAS PROFESORAS E  
PROFESORES DE 2 CENTROS  
EDUCATIVOS

UN PICNIC AVALIATIVO NO QUE  
PARTICIPARON 9 PERSOAS, DE 3  
HORAS DE DURACIÓN, CON  
TORTILLA, BISCOITO, TE, CAFÉ, POS-  
IT, XUÍZOS E TARXETIÑAS DE  
SOÑOS FUTUROS

E en catro estacións de voces tan diferentes tamén **sentimos**  as gañas de comezar, a ilusión por traballar con xente nova, as dúbidas ante o descoñecido, o cansazo dos quilómetros, o nerviosismo antes de cada obradoiro, a tensión ante os pequenos conflitos, a esperanza na resposta dos mozos e mozas, a alegría dos momentos compartidos, o orgullo ante os resultados dos traballos e a felicidade de saber que, no curso que vén, seguiremos a ver pasar os cambios estacionais que caracterizan a cada unha de nós neste Mundo que Queremos.

# O MUNDO QUE QUEREMOS É...

■ un proxecto de Educación para o Desenvolvemento (ED), é dicir, é unha intervención que parte dun enfoque que considera a educación como un proceso dinámico, interactivo e participativo, orientado á formación integral das persoas; á súa concienciación e comprensión das causas locais e globais dos problemas do desenvolvemento e as desigualdades Norte-Sur, e o seu compromiso para a acción participativa e transformadora<sup>1</sup>.

■ un proxecto de ED integrado no Plan Proxecta, unha iniciativa de innovación educativa da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria que busca a integración na planificación anual dos centros educativos de programas postos en marcha por entidades alleas ao sistema educativo. No curso 2014-2015 houbo un total de 28 proxectos enmarcados no Plan Proxecta.

■ un proxecto de ED integrado no Plan Proxecta executado por un grupo de ONGD e entidades sociais. O consorcio formal está formado polas ONGD Solidariedade Internacional (entidade líder), Mundo Cooperante e AGARESO; pero o grupo de traballo está integrado ademais polas ONGD EDUCO e ACPP, polo Grupo de Teatro dxs Oprimidxs GTO Cen Tolas e pola cooperativa galega sen ánimo de lucro Tempo de Loira.

■ un proxecto de ED integrado no Plan Proxecta, executado por un grupo de ONGD e entidades sociais e financiado pola Subdirección Xeral de Cooperación Exterior a través da modalidade de convenio anual.

■ un proxecto de ED integrado no Plan Proxecta, executado por un grupo de ONGD e entidades sociais, financiado pola Subdirección Xeral de Cooperación Exterior que pretende crear un mundo novo.



*Este proxecto se llama O Mundo que Queremos. El mundo que queremos nosotros es un mundo solidario. Y yo quería venir y compartir con niños y niñas para saber si los problemas de otros países y continentes pueden ser problemas de todo el mundo.*

*Esta fue una voluntad que me llevó a participar.*

(Braima Edy Sambu, Guinea Bissau)

<sup>1</sup> Definición de Marlen Eizagirre recollida no dicionario de Acción Humanitaria e Cooperación para o Desenvolvemento de HEGOA: <http://www.dicc.hegoa.ehu.es/listar/mostrar/81>

# AS PERSOAS QUE HABITAN O MUNDO QUE QUEREMOS

No curso 2014 - 2015 as habitantes dese mundo novo foron:

## 7 ONGD e entidades sociais :

■ **Solidariedade Internacional de Galicia:** É unha organización non governamental de desenvolvemento (ONGD) galega de carácter laico, que promove a xustiza social a través de proxectos de cooperación internacional, axuda humanitaria e de emerxencia, educación para o desenvolvemento, comercio xusto e presión política.

■ **Mundo Cooperante:** É unha ONG de cooperación ao desenvolvemento, independente, aberta e sen ánimo de lucro, que realiza proxectos dirixidos ás comunidades con escasos recursos, considerando de xeito preferente aquelas accións que benefician á infancia, á mocidade e ás mulleres.

■ **AGARESO (Asociación Galega de Reporteiros Solidarios):** É unha ONGD formada por un colectivo de profesionais do mundo da comunicación en Galicia. O seu principal obxectivo é a creación dunha rede sólida, comprometida, solvente e plural no sector xornalístico galego que impulse a difusión, promoción, denuncia e educación en materia de cooperación e solidariedade.

■ **EDUCO:** É unha ONG global de cooperación para o desenvolvemento que defende os dereitos da infancia e actúa localmente coas comunidades para promover o cambio social sostible, a través da mellora das condicións de vida das poboacións máis vulnerables. Ten como prioridade o traballo coa infancia e a defensa dos seus dereitos, en especial o dereito a recibir unha educación de calidade, xa que entenden que a educación é a ferramenta máis efectiva para reverter a pobreza.

■ **ACPP (Asemblea de Cooperación Pola Paz):** É un instrumento, un punto de encontro de persoas que aspiran a vivir nun mundo que cimete os seus piares na dignidade, a xustiza e a igualdade. O seu labor encamiñase a lograr unha sociedade máis igualitaria na que todas as persoas teñan a posibilidade de vivir unha vida digna. A cooperación internacional, a acción nas escolas, a intervención social nos nosos barrios e cidades e a sensibilización cidadá son puntos de apoio fundamentais neste labor de incidencia política.

■ **Grupo de Teatro dx Oprimidx 100 tolas:** É un colectivo que traballa sobre as realidades sociais e políticas a través do Teatro dos Oprimidxs e do Teatro Social. Proponen a arte como ensaio de alternativas para situacións que se revelan como opresións na vida cotiá. Entre tantas, 100tolas preocúpase especialmente sobre as cuestións de xénero, por iso sempre tratan de funcionar desde unha mirada feminista, transformadora das desigualdades.

■ **Tempo de Loira:** É unha cooperativa sen ánimo de lucro que busca acompañar procesos orientados a acadar a xustiza e a equidade social, ofrecendo servizos nos campos de educación, xestión de proxectos, creación de ideas e da investigación social.

**9 centros educativos de ensino público.** 2 da provincia de Lugo, 1 da provincia de Ourense, 1 da provincia de Pontevedra e 5 da provincia de A Coruña.

**25 profesores e profesoras, 7 homes e 18 mulleres** coas seguintes responsabilidades:

Centro	Localidade	Provincia	Profesorado	Cargo no proxecto	Materia que imparte
IES Beade	Vigo	Pontevedra	José Miguel Besada Porto	Coordinador	Matemáticas
			Ana María González Cidras	Docente	Filosofía
CPI Castroverde	Vilariño-Castroverde	Lugo	Ángel Daniel Díaz Trigo	Coordinador	Debuxo
			Ana María Pérez Veiga	Docente	Tecnoloxía
IES Alfoz - Valadouro	Valadouro	Lugo	María Carmen González Basanta	Coordinadora	Orientación educativa
			María de la Paz Quiroga Labrada	Docente	Debuxo
IES Carlos Casares	Viana do Bolo	Ourense	Carlos Ferreiro González	Coordinador	Lingua Castelá e Literatura
			Susana Fernández Vázquez	Docente	Filosofía
IES Félix Muriel	Rianxo	A Coruña	Rubén Carlos Asorey Vidal	Coordinador	Servizos á comunidade
			María Carmen Tejjido López	Docente	Intervención sociocomunitaria
			Gonzalo Docampo Núñez	Docente	Servizos á comunidade
			Mónica Iglesias Castro	Docente	Procedementos sanitarios e asistenciais
IES Cachada A	Boiro	A Coruña	Ángeles Fernández López	Coordinadora	Relixión católica (secundaria)
			Rosa María Becerra Blanco	Docente	Xeografía e Historia
			Olga Brea González	Docente	Inglés
			Javier Bao Cebeiro	Docente	Matemáticas
			María Teresa Ferreiros Blanco	Docente	Relixión católica (secundaria)
CPI Castro Baxoi	Miño	A Coruña	Florinda María Blanco Louro	Coordinadora	Xeografía e Historia
			José Luis Graña Muíño	Docente	Lingua Galega

CPI de Viaño Pequeno	Trazo	A Coruña	Claudia Myriam Morán Sacristán	Coordinadora	Lingua Estranxeira: Inglés
			Lidia Herrero Rodríguez	Docente	Educación Física
			Ignacio Portela Gómez-Macías	Docente	Música
IES Moncho Valcarce	As Pontes de García Rodríguez	A Coruña	Berta María Teijeiro Couce	Coordinadora	Matemáticas
			María Jesús Galego Pacheco	Docente	Lingua Castelá e Literatura
			María Digna Polo Timiraos	Docente	Educación especial: Pedagogía terapéutica

## PARADIÑA OBRIGADA PARA POÑER AS GAFAS VIOLETAS<sup>2</sup>

### Profesorado participante

Nº de homes	7	28%
Nº de mulleres	18	72%
Total	25	100%

### Persoas coordinadoras

Nº de homes	4	44%
Nº de mulleres	5	56%
Total	9	100%

Tanto o sector educativo coma o social son espazos moi feminizados nos que é preciso xerar estratexias para promover a incorporación de homes cun dobre obxectivo (como mínimo), que se reverta esta situación e se traballe en prol a paridade, así como se incidan nas causas últimas que xeran as desigualdades entre os xéneros.

Neste senso, unha primeira ollada amosa a participación dun 28% de homes o cal alíñase coa participación deste sexo no sector. Mais nunha segunda ollada os interrogantes xorden de novo con intensidade, pois, por que máis da metade deses homes son coordinadores do proxecto?

Un total de 328 alumnas e 305 alumnos distribuídos do seguinte xeito:

### ■ Por cursos

	Nº Alumnos	Nº Alumnas	Total
1º ESO	92	79	171
2º ESO	87	104	191
3º ESO	30	16	46
4º ESO	82	103	185
CICLOS	14	26	40
<b>Totais</b>	<b>305</b>	<b>328</b>	<b>633</b>

<sup>2</sup> As gafas violetas fan referencia a como o feminismo che fai ver o mundo. Ao formarse en feminismos, faise visible a situación de opresión das mulleres na sociedade patriarcal actual. Por iso, metaforicamente, é como poñerse uns lentes cos que logras ver cousas que antes pasaban desapercibidas. E son violetas porque a cor violeta é o distintivo da loita feminista.



### ■ Por centros

Centros	Nº alumnas	Nº alumnos	Total
CPI Castroverde, Vilarinho-Castroverde, Lugo	12	5	17
IES Alfoz - Valadouro, Lugo	9	4	13
IES Carlos Casares, Viana do Bolo, Ourense	19	21	40
CPI Viaño Pequeño, Trazo, A Coruña	23	38	61
IES Félix Muriel, Rianxo, A Coruña	65	50	115
IES Moncho Valcarce, As Pontes de García Rodríguez, A Coruña	82	76	158
CPI Castro Baxoi, Miño, A Coruña	20	21	41
IES A Cachada, Boiro, A Coruña	59	63	122
IES de Beade, Vigo, Pontevedra	39	27	66

### ■ Por curso e por centro

Centros	Curso	Nº alumnas	Nº alumnos	Total
CPI Castroverde, Vilarinho-Castroverde, Lugo	4º ESO	5	12	17
IES Carlos Casares, Viana do Bolo, Ourense	2º ESO	14	14	28
	4º ESO	7	5	12
CPI Viaño Pequeño, Trazo, A Coruña	1º ESO	9	6	15
	2º ESO	12	7	19
	3º ESO	10	4	14
	4º ESO	7	6	13
IES Félix Muriel, Rianxo, A Coruña	4ª ESO	8	10	18
	4ª B ESO	7	9	16
	4ª C ESO	14	16	30
	4ª D ESO	7	4	11
	1º e 2º Ciclo	14	26	40
IES de Beade, Vigo, Pontevedra	2º ESO	27	39	66
IES Moncho Valcarce, As Pontes de García Rodríguez, A Coruña	1º ESO	20	14	34
	2º ESO	13	24	37
	3º ESO	20	12	32
	4º ESO	23	32	55
CPI Castro Baxoi, Miño, A Coruña	2º ESO	21	20	41
IES Alfoz - Valadouro, Lugo	4º ESO	4	9	13
IES A Cachada, Boiro, A Coruña	1º ESO	63	59	122

#### Nesta avaliación recolleemos...

- A opinión de 8 profesores e profesoras (30% do total) pertencentes a 5 centros educativos (83%)
- O punto de vista de 36 alumnos e alumnas: 6%
- A visión de 8 persoas do equipo de traballo: 100%

As conclusións extraídas neste documento xiran en torno ás respostas obtidas.

# O QUE PASOU NESE MUNDO AO LONGO DE SEIS MESES



Comezamos cunha visita a todos os centros para presentar o proxecto e elaborar o **diagnóstico** de arranque do curso



A primeira intervención na aula foi un **obradoiro sobre os Obxectivos de Desenvolvemento do Milenio (ODM)** e as desigualdades internacionais



Nas dúas seguintes visitas á aula leváronse a cabo os obradoiros de **radio e fotografía**, ferramentas para elaborar un traballo de denuncia sobre algún dos ODM que se levou a cabo ao longo de todo o curso



Posteriormente o Grupo de Teatro dx Oprimidx 100 tolas levou a todos os centros educativos a súa **peza de teatro A viaxe de Ana** coa que traballan os temas da emigración e a desigualdade de xénero



No mes de abril chegaron as **visitas do Sur**. Braima de Guinea Bissau, Rina de El Salvador e Cristiana de República Dominicana contáronlle aos mozos e mozas como se vive nos seus países, a que problemáticas se teñen que afrontar e os seus mecanismos de loita e resistencia



Como broche final na Sala Capitol de Santiago expuxéronse todos os traballos realizados polos mozos e mozas e celebrouse o fin de proxecto co **concerto de Pachamama Crew** ao que asistiron todas as persoas que participaron en O Mundo que Queremos.



Asistimos ás **xornadas de formación do Plan Proxecta** organizadas pola Consellería de Educación e iniciamos o proceso de **avaliación** de todo este proxecto.

*Todas as persoas que manexan proxectos de cooperación falan do ciclo do proxecto como a maneira de organizar as diversas fases polas que atravesan as intervencións. Nós decidimos xogar a organizalo dun xeito máis orgánico, máis natural e mudable. O proxecto comeza no outono, meses de reflexións e reencontros onde as paisaxes mudan a pel do ano anterior para acoller sen reservas todo o novo que traen os cambios de ano. O inverno curte á fauna e tamén á flora deixando as árbores listas para o florecemento da primavera e a maduración do verán, cando recollemos os froitos de tanta semente.*



*Las felicito desde ya por su trabajo y por todo lo que han hecho con estos más de 600 jóvenes que... Guau!*

*(Rina Ábrego, El Salvador).*



# PRIMEIRA ESTACIÓN: O OUTONO COLECTIVO

*Cain as follas.  
Sinto unha cousa  
que se apousa en min e non me toca.*

*E chove pra que soñe,  
pra que eu soñe.  
Fala a tarde baixiño.*

*Cain as follas.  
i é unha cousa  
que se apousa en min e non me toca.*

*E chove pra que soñe,  
pra que eu soñe.  
Fala a tarde baixiño.*

*Uxío Novoneira*

Se algo caracteriza a O Mundo que Queremos é o feito de ser o soño dun proxecto participado. Non só polas metodoloxías educativas que promove, senón porque se trata dunha intervención colectiva, algo que ten o elemento positivo da coherencia fondo-forma e do enriquecemento da proposta a través de ideas plurais e diversas; pero tamén o matiz negativo da negociación constante e da tardanza nas tomas de decisións.

*Nesta estación falaremos do equipo de traballo, das funcións de cada entidade, do clima grupal e da proposta teórica de Educación para o Desenvolvemento deste proxecto*

*As preguntas do outono: Como funcionou o grupo de traballo neste segundo ano? Houbo diferenzas en relación ao ano pasado? Como se construíron os acordos e as negociacións no grupo? Cales son os trazos imprescindibles desta proposta segundo o propio equipo?*

Neste segundo ano de traballo colaborativo o grupo de ONGD que dinamizan e executan o proxecto camiñou con pasos máis firmes e cuns protocolos de actuación que, se ben non estaban postos por escrito, estaban ben interiorizados. No proceso avaliativo puidemos ver como, a nivel xeral, o equipo madurou en planificación e xestión, aplicando as aprendizaxes do ano anterior nun exercicio de coordinación moi complexo. O feito de aumentar o número de centros educativos (pasouse de 5 a 9), de xestionar prazos e formularios de dúas Consellerías diferentes<sup>3</sup>, a incorporación dunha nova entidade que non participara o ano anterior e a dispersión xeográfica dos centros participantes; foron algúns dos aspectos que supuxeron os grandes retos do outono. Velaquí vai o noso particular magosto, froito de todas as ideas que fomos recollendo entre todas, ao igual que se fai coas castañas nos nosos montes.



O ano pasado un dos puntos fortes deste proxecto foi o propio grupo de traballo. Ante unha proposta nova, ilusionante e motivadora, cada persoa do equipo foi atopando o seu espazo case de xeito natural, motivando un clima de traballo respectuoso repleto de coidados. Neste segundo ano, como podería ter sido previsible, a dinámica tendeu a ser máis mecánica, adoeceu desa parte máis amorosa e afectiva ao primar a operatividade dos correos electrónicos ou das aplicacións móbiles fronte á promoción dos espazos de traballo físicos onde se crea grupo. Son precisamente nesas reunións colectivas onde se poden expresar os enfoques teóricos, negociar os aspectos prácticos dun proxecto tan complexo a nivel de coordinación ou consensuar as prioridades do equipo ante posibles malos entendidos.

---

<sup>3</sup> Esta proposta está financiada pola Subdirección de Cooperación Exterior (integrada na Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE, pertencente a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza), e está integrada no Plan Proxecta coordinado e organizado pola Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa pertencente á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.



En relación con esta última reflexión sobre as discrepancias, quedou patente nas diferentes conversas avaliativas que non houbo un acordo previo claro e consensuado polo equipo á hora afrontar unha serie de aspectos técnicos que ían a afectar inevitablemente ao día a día do proxecto. Un dos obxectivos da Educación para o Desenvolvemento que se leva a cabo na chamada educación regrada é intentar incorporar ese enfoque pedagóxico nas diferentes materias educativas. O Plan Proxecta promove ese mesmo obxectivo polo que resulta bastante mecánico aceptar a proposta dun profesor ou profesora que quere incorporar o proxecto á súa materia. Onde radica o problema? Nos horarios. Obviamente, para que esta proposta educativa forme parte ao longo do curso dunha materia concreta, as intervencións nas aulas deberán levarse a cabo nas horas nas que se imparte esa materia. Pero a dispersión xeográfica dos centros educativos, o desenvolvemento desas materias a primeira hora da mañá e a falla de recursos (que obrigaba a intentar centralizar toda a actividade nun único día en cada centro en vez de dividila en dous), fixeron que as educadoras e dinamizadoras tivesen que soportar uns horarios e uns ritmos de traballo moi pouco sustentables nalgúns semanas. Podería ter sido interesante ter un espazo conxunto no que falar destes temas e establecer as prioridades do proxecto como equipo, para que as educadoras e dinamizadoras poidan compartir os seus puntos de vista e para que as coordinadoras se sintan lexitimadas polo equipo á hora de negociar os horarios co profesorado.



No que se refire ao reparto de roles, na avaliación grupal que se levou a cabo co equipo saíron unha serie de cuestións ben interesantes. Na posta en común constatouse que algunhas tarefas, responsabilidades e roles asúmense máis por forza das circunstancias que a través dun proceso consensuado, visibilizado e compartido, o cal pode xerar momentos de incerteza e desapego co proceso. Para coidar este aspecto faise preciso unha mellor definición das necesidades do proxecto así como das responsabilidades que cada quen decide asumir de forma consensuada co grupo. É interesante que isto se traballe ao principio de cada curso, para poder negociar tamén posibles variantes na asignación de recursos a cada entidade ou persoa, pois moitas veces eses traballos circunstanciais fanse de xeito voluntario, e estaría ben que quedase establecido se ese apoio vai a ter ese carácter altruísta (que non te por que ser negativo se é vontade da persoa) ou se é preciso contemplalo como custo económico do proxecto. Este proceso tamén axudará a ser conscientes do peso que cada quen asume no desenvolvemento do proxecto así como da complexidade do mesmo.



Vinculado ao tema económico, tamén quedou patente que esta cuestión debe ser negociada ao principio do proxecto e de xeito colectivo. Non tanto no reparto (que nos consta que se fixo), senón en relación á xestión do mesmo. Podería ser interesante negociar unha maior autonomía na disposición dos cartos dalgunhas das entidades analizando as tarefas e a situación económica de cada unha. Nesa negociación ou

conversa de arranque deben quedar claros os prazos de cobro, as condicións e as previsibles dificultades que impedirían cumprir os acordos (atraso nos pagamentos por parte da Xunta de Galicia, como aconteceu este ano).



Outro dos trazos máis característicos do equipo de traballo é a súa apertura. Este proxecto comezou coa vontade de ser unha proposta de Educación para o Desenvolvemento do sector en Galicia. Se ben é certo que o obxectivo de sumar ao maior número de entidades posibles baixou de intensidade (non se dinamizará esa busca de xeito activo), si que é certo que as portas de O Mundo que Queremos están sempre abertas para calquera ONGD ou entidade afín que estea interesada en colaborar. Ese foi o caso de ACPP neste curso 2014-2015. Reflexionando sobre a experiencia de integración desta entidade no equipo, concluíuse que sería preciso sistematizar e facer un protocolo de acollida informal: que recolla o proceso de entrada e invitación á participación de novas entidades, que anime a realizar novas contribucións que axuden a mobilizar o proxecto desde novas e diferentes perspectivas e que valore as novas opinións; que recolla toda a información precisa para axudar a aterrar no proxecto (actual e procesos anteriores); que explique claramente que é o proxecto; e que anexe documentación complementaria tanto técnica como produtos elaborados de edicións anteriores. Tamén é interesante que o grupo reflexione sobre se existe resistencia aos cambios nun proxecto que se vai afianzando no seu día a día con moita solidez.

### Consensos de outono

**Que sobrou?** Quilómetros e cansazo

**Os irrenunciáveis neste mundo:** A pluralidade dun equipo diverso, o enfoque propositivo de que verdadeiramente é posible cambiar as situacións de inxustiza, a variedade metodolóxica das intervencións na aula e a súa proposta artística, o plan de comunicación, a cohesión e os coidados dentro do equipo, o diagnóstico e a avaliación, a visita do Sur, o obxectivo do proxecto.



*Non se pode vivir cos ollos pechados e está nas nosas mans intentar cambiar o que está mal  
(alumnado do IES Félix Muriel)*

## Abrindo ourizos... e atopando castañas

Parécenos interesante visibilizar dun xeito máis claro o traballo de coidados que existe neste proxecto. Por que non incluílo na propia matriz de planificación? Hai actividades específicas ligadas á coordinación constante co profesorado que fixo que se sentisen acompañados e acompañadas en todo momento (cuestión de coidados das persoas), por que non incluír tamén unha actividade similar en relación co propio grupo? Por que non buscar un indicador que debamos cumprir relacionado co benestar das persoas do equipo?


Tamén pensamos que O Mundo que Queremos é un espazo que pode permitir xerar e mastigar un debate ben interesante en relación coa práctica da Educación para o Desenvolvemento. A diferenza do que acontece na Comisión de EpD da Coordinadora Galega de ONGD, neste equipo ademais de haber pluralidade de ONGD con concepcións da EpD distintas, participan axentes coma o Grupo de Teatro dx Oprimidx 100 tolas, que achegan unha óptica máis militante e combativa. Tamén hai uns públicos claros cos que traballar, dos que coñecemos a súa opinión tanto ao comezo como ao final do proxecto. Isto ofrece moitos recursos sobre os que debater e reflexionar a nivel teórico, para intentar experimentar no plano máis vivencial.

A nivel máis práctico e para evitar malos entendidos sería interesante facer pequenos **protocolos** que se vaian enriquecendo ano tras ano para abordar cuestións prácticas e técnicas do proxecto que permitan que todas as persoas do equipo sintan que teñen acceso a toda a información dispoñible e que as súas voces se tiveron en conta tamén nas cuestións máis operativas. Non nos aventuramos a establecer prioridades á hora de elaborar eses documentos internos, parécenos interesante que sexa algo que se priorice tamén no equipo, como froito da experiencia de traballo destes dous anos: cal é o protocolo máis urxente que deberemos elaborar?


Finalmente, resultounos moi interesante ver como as distintas organizacións que forman parte do equipo de traballo definen a O Mundo que Queremos porque nos permitiu constatar a pluralidade que existe na propia concepción do proxecto. Hai entidades que o definen dende a óptica da Educación para o Desenvolvemento e inciden nesa conexión local - global que trata de mostrar a intervención; hai outras que abordan a definición dende as similitudes coas propias liñas de traballo das súas organizacións; outras persoas poñen en primeiro lugar o feito de estar ante un proxecto participado que promove a participación; tamén se define a proposta dende a perspectiva comunicativa e de emprego de ferramentas de expresión; e hai quen directamente o define como un proxecto de denuncia social. Parécenos moi positivas estas múltiples definicións deste Mundo en construción porque son todas válidas e valiosas. Por iso tamén nos parece interesante que nas reunións operativas se compartan estes puntos de vista sobre o que cada quen entende que é o proxecto e como se pode ou quere vivir.



## Mantiñas para o outono


 Vídeo *Coidados. Explorando as nosas formas cotiás de sustentar a vida e o ben común*. **Coidados**. Espazo de intercambio de saberes e experiencias no marco do Media-Lab Prado para indagar nas nosas formas de coidar, visibilizar o traballo que implican e explorar a posibilidade de xestionar os coidados colectivamente. Este proxecto propón preguntas de investigación orientadas cara a intervención. Para crear colectivamente un coñecemento significativo sobre os límites e as potencialidades das nosas formas de coidar; para visibilizar os procesos que sustentan a vida; para imaxinar comunidades que xestionen a fragilidade e a vulnerabilidade de forma común.

<https://vimeo.com/134834490>


 Vídeo *Resumo do IV Congreso de Educación para o Desenvolvemento* organizado polo instituto Hegoa os días 9, 10 e 11 de outubro de 2014. **Educación para o Desenvolvemento**. O vídeo recolle anacos das diferentes perspectivas que se presentaron ao longo dese Congreso no que participaron máis de 300 persoas.

<https://vimeo.com/111636953>. A páxina do Congreso contén información ben interesante sobre as novas perspectivas teórico-prácticas polas que está transitando o paradigma da Educación para o Desenvolvemento neste momento nos nosos contextos.

<http://www.congresoed.org/>

 Caixa de ferramentas para traballar procesos grupais dende o enfoque de xénero, creada por diferentes entidades e institucións latinoamericanas (RUTA, CATIE, PROPEMCE e GIZ). **Procesos grupais**. Na caixa de ferramentas ofrécense numerosos recursos para traballar cuestións como a visión, a definición de estratexias, as liñas de acción así como ferramentas para dinamizar a facilitación dos procesos.

<http://ruta.org/toolbox/herramientas>

 O traballo en equipo non patriarcal. Ferramenta de cambio cara organizacións cunha aposta feminista de transformación social. **Procesos grupais**. Sistematización do proceso de diagnóstico, plan de acción e execución da proposta de Traballo en Equipo non Patriarcal (TEnP) levado a cabo por Mugarik Gabe. Ofrece unha reflexión ben interesante do traballo en equipo dende o enfoque de xénero e analiza casos prácticos de organizacións diferentes. En que modelo estaría incluído este mundo noso?

[http://www.mugarikgabe.org/wp-](http://www.mugarikgabe.org/wp-content/uploads/2015/04/trabajo_en_equipo_no_patriarcal.pdf)

[content/uploads/2015/04/trabajo\\_en\\_equipo\\_no\\_patriarcal.pdf](http://www.mugarikgabe.org/wp-content/uploads/2015/04/trabajo_en_equipo_no_patriarcal.pdf)



# SEGUNDA ESTACIÓN: O INVERNO FORTALECEDOR

*Cando me ergo,  
si é que me ergo,  
érgome tarde  
e déitome cedo.*

As voces que habitan na paisaxe sonora invernal son as dos profesores e profesoras que nos acompañaron neste percorrido realizado no curso 2014 - 2015. Os niveis de coordinación co profesorado son múltiples e constantes ao longo dos meses de traballo, algo que se agradeceu dende o equipo docente e que define a este proxecto en comparación co resto de intervencións que se atopan recollidas no Plan Proxecta. As múltiples coordinacións axudaron a robustecer e curtir as árbores e plantas deste mundo fermoso, e foi o que permitiu que chegasen as seguintes estacións.

Falamos de tres niveis diferentes de coordinación co profesorado participante. En primeiro lugar, existe unha **coordinadora educativa do proxecto** pertencente á entidade líder do consorcio, Solidariedade Internacional, que é a que leva a cabo o inmenso traballo de coordinación de todas as persoas implicadas na intervención. Por outra banda, o proxecto conta con **dúas educadoras** (pertencentes ás ONGD EDUCO e Mundo Cooperante) que son as persoas de referencia dos diferentes centros educativos (repártense os centros entre as dúas en función da localización xeográfica). Elas sempre van a estar presentes nas actividades de aula que se realicen nos seus centros e xogan o rol de ser ese necesario fío condutor dun proxecto tan variado coma este. Pero, ademais, hai un terceiro nivel que vén dado polo papel **do monitor e da monitora** de AGARESO, persoas expertas en comunicación para o desenvolvemento, encargadas de dinamizar os obradoiros de radio e de televisión e de recompilar todo traballo que o alumnado realizará ao longo de todo o curso. Todas estas persoas foron valoradas como **imprescindibles** por parte do profesorado que formou parte da avaliación.

*Nesta estación falaremos do **traballo co profesorado**, complementando a información coas opinións do persoal docente que participou no proceso de avaliación.*

### **O profesorado di que O Mundo que Queremos...**

- É un proxecto **motivador**: *o que máis valoramos foi como a xente que foi ao centro conseguiu motivar ao alumnado. Foi o máis positivo porque nós tiñamos a un alumnado que non tiña interese por nada e estas actividades conseguiron motivalo.*
- É un proxecto **motivador e creativo**: *os recursos que ofrece o proxecto son os máis creativos para abordar os temas. E como consecuencia conseguen motivación do alumnado, claro.*
- É un proxecto **motivador, creativo e solidario**: *os rapaces e rapazas comprenderon o significado desta palabra.*

■ É un proxecto motivador, creativo, solidario que fomenta a igualdade: *todas as actividades que se fixeron melloraron o clima na aula, e conseguiron conciencialos, non só sobre outras realidades, doutros países e doutros lugares do mundo; senón que o aplicaron entre eles mesmos.*

■ É un proxecto motivador, creativo, solidario, que fomenta a igualdade e que nos fai crer que é posible: *iso é o que saco como máis positivo do proxecto, que quedaron coas gañas e coa ilusión de saber que outro mundo é posible e que entre todos e todas podemos.*

## O parte meteorolóxico invernal

**Sol de inverno:** O que máis brillou neste proxecto foi o Grupo de Teatro dx Oprimidx 100 tolas, as conferencias de Rina, Braima e Cristiana en vivo e en directo, as educadoras, a fotografía, a festa final con todas as persoas participantes.

**Nubes e orballo:** Os aspectos a mellorar segundo os profesores e profesoras foron as sensacións de présa nalgúns momentos do proxecto e o día do concerto, no que tería sido positivo fomentar o intercambio entre o alumnado.

**Dioivo:** Non houbo tormentas neste inverno, e as persoas que habitaron nesta estación non eliminarían nada estrutural do mundo creado. Iso si, destruírían calquera presentación en *Power Point* que se faga.

**As preguntas do inverno:** Considera o profesorado que o seu alumnado experimentou un desenvolvemento positivo de valores básicos para a vida e a convivencia (IOV.OE.1)? Houbo formación ao profesorado sobre Educación para o Desenvolvemento recoñecida pola Consellería e que permita incorporar a ED no seu centro de ensino (IOV.R1.1, 2, 3)? Manexou o persoal docente recursos didácticos sobre os ODM (IOV.R2.1)? O proxecto supuxo unha grande carga de traballo para o profesorado? Como mellorarían O Mundo que Queremos?



*Eu quero darvos as grazas pola insistencia porque moitas veces estás moi liado con vinte mil historias e estás moi a tope e tes que ter moita paciencia para reenviar os emails, e sobre todo cando eu estiven de baixa... Agradézolles moito a Montse e a Oscar a paciencia.*

(Rubén Asorey, IES Félix Muriel de Rianxo)

Neste curso 2014 - 2015 traballouse con máis centros educativos, con máis profesorado e con máis alumnado. A dispersión xeográfica supuxo unha dificultade para o ritmo vital do equipo de educadoras e monitoras, pero esa celeridade non foi percibida polo profesorado que se sentiu acompañado en todo momento e que só matizaría momentos de estrés previos á entrega dos traballos do alumnado. Resultou moi interesante e motivador recoller os seus puntos de vista que nos chegaron nun momento de fatiga como equipo. Foi un sopro aire fresco que se coou polo medio de toda a roupa de inverno que levabamos enriba.

❁ A valoración do proxecto por parte de todo o profesorado que participou no proceso de avaliación foi moi positiva. Dende o seu punto de vista, a proposta educativa conseguiu motivar a un alumnado pouco entusiasmado coa actividade habitual da aula, fomentou a súa curiosidade e contribuíu, nun caso concreto, a mellorar unha situación de mala convivencia escolar. Parécenos moi positivo que un proxecto destas características sexa valorado con tanto cariño e entusiasmo polo profesorado implicado. Nese sentido, si que poderíamos afirmar que os profesores e profesoras consideran que o seu alumnado experimentou un desenvolvemento positivo dos valores básicos para a vida e a convivencia<sup>4</sup>.

❁ En moitos momentos o equipo de traballo tivo dúbidas sobre a variedade metodolóxica do proxecto: Xerará dispersión na nosa mensaxe? Será valorada como positiva ou a percepción será de certo caos? Nese sentido, o profesorado considera que esa variedade dotou ao proxecto dun dinamismo que foi valorado moi positivamente polo alumnado. Tamén foi percibida como un trazo de coherencia: *Esa variedade parécese positiva pero tamén necesaria, porque na temática de educación en igualdade e desenvolvemento, canta máis diversidade se amose pois moitísimo mellor.*

❁ Esa variedade metodolóxica e as ferramentas elixidas (instrumentos que parten da experiencia e fomentan a creatividade expresiva) permitiron que nalgúns dos centros educativos se vivisen situacións emocionalmente intensas, detectando comportamentos puntuais de acoso machista, racista e de violencia de xénero. A resposta a eses acosos quedou relegada ao momento puntual de desenvolvemento da actividade. Si que houbo comunicación entre as diferentes educadoras e monitoras avisando sobre eses comportamentos para ter recursos para abordar as diferentes problemáticas nas seguintes actividades de aula; pero parece que ao proxecto aínda lle queda ser capaz de xerar un espazo de relación co profesorado para poder facer fronte a todo este tipo de violencias invisibilizadas que saen á luz a través de metodoloxías emocionais. Algo,

---

<sup>4</sup> Nós só recolleemos as palabras dun 30% do persoal docente, pero é importante destacar que falamos en nome tamén dos seus compañeiros e compañeiras e, nese sentido, si que temos testemuñas dun 83% dos centros educativos participantes, polo que facemos extensiva esta afirmación ao conxunto do colectivo docente implicado no proxecto.

por outra banda, ben previsible xa que traballar dende as emocións e os conflitos é un dos obxectivos do uso destas metodoloxías, de aí a importancia de ter previstos os mecanismos de xestión desas situacións.

- ❁ Un dos cambios importantes en relación co proxecto do ano pasado foi que aumentou o número de obradoiros de radio e de fotografía (pasouse dun obradoiro a dous). Hai docentes que consideran que tería sido incluso mellor engadir un obradoiro máis, sobre todo na metodoloxía da radio, que é a máis complexa no que se refire á apropiación da ferramenta, especialmente se se traballa con alumnado de 1º da ESO, que son os máis cativos e cativas deste proxecto.
- ❁ En relación ao acto final que supuxo o encontro entre os nove centros educativos, o profesorado, se ben pensa que é un obxectivo irrenunciable xerar ese encontro de coñecemento mutuo, tamén considera que é preciso repensar o seu deseño e obxectivos. O encontro celebrouse no mes de abril na Sala Capitol de Santiago de Compostela, en cuxo escenario expuxéronse todos os traballos realizados polo alumnado (tanto de radio como de fotografía) e finalizou co concerto de Pachamama Crew. Este acto final estivo ben, pasárono moi ben, pero igual había que darlle coherencia coa filosofía do proxecto. Esta é a opinión xeneralizada do profesorado que participou no grupo de discusión, o que mostra que non calou nin no alumnado nin no profesorado a mensaxe de que a música pode ser unha ferramenta máis de denuncia, e tampouco se conseguiu (porque non se promoveu) a interacción entre o alumnado dos diferentes centros. Entendeuse que foi un concerto, un momento lúdico sen máis reflexión, e, en xeral, opinan que este proxecto debería ter outro tipo de peche.
- ❁ As diferentes ONGD e entidades que executan o proxecto perciben que esta proposta lle xera unha carga de traballo moi elevada ao profesorado. Porén, o equipo docente non o entende do mesmo xeito, xa que valoran moi positivamente a coordinación que houbo ao longo de todo o proxecto. O que si falan é da elevada carga horaria que lles supuxo tanto para eles e elas nas súas materiais coma para o resto do profesorado. Neste sentido, tendo en conta o punto anterior no que se recolle que incluso solicitaron un maior número de intervencións na aula, entendemos que o fallo radica na información previa que se lle deu a cada docente, onde é probable que non quedase o suficientemente claro o número de intervencións e a súa duración.
- ❁ Precisamente, mellorar na información previa é unha das solicitudes do profesorado a este proxecto. Coa primeira visita non acaba de quedar claro todo o que implica participar en O Mundo que Queremos, pero pensamos que o fallo non radica tanto na propia visita (na que si se explica todo e se marcan datas, se hai tempo para facelo), senón en que faltan materiais físicos que lles vaian recordando e marcando ao

profesorado as diferentes responsabilidades adquiridas ao longo do curso en relación a este proxecto.

❁ Sen dúbida, no que se refire ao traballo co profesorado, neste proxecto faltou formación. É certo que unha das aprendizaxes do curso pasado foi a de evitar a formación Platega pola mala valoración que tivo, pero non houbo unha proposta alternativa clara. É unha crítica que se lle pode facer ao propio Plan Proxecta, que non ofrece demasiadas opcións a este respecto que vaian máis aló de formar ao profesorado nas cuestións que lle interesan á propia Consellería de Educación. Nese sentido, si que houbo un espazo formativo o 24 de abril, pero estivo destinado á presentación dos diferentes proxectos do Plan Proxecta e, a pesar de que si que tivo recoñecemento da Consellería, realizouse ao final de toda a intervención de O Mundo que Queremos. A pesar destas dificultades, o proxecto debería buscar vías alternativas, non só para formar a uns axentes tan multiplicadores coma son as profesoras e profesores, senón tamén para xerar espazos de encontro que permitan que se coñezan, que poidan compartir prácticas e experiencias e nos que podan experimentar as diferentes ferramentas que o proxecto pretende traballar co seu alumnado. E iso si, esta formación debe ser voluntaria, deixáronnolo ben clariño; porque as persoas que se involucran nestes proxectos son xente moi comprometida e metida en mil mundos máis, e iso hai que saber respectalo.

❁ Finalmente, parécenos un aspecto moi importante a destacar o feito de que, a pesar de que as profesoras participantes foron maioritariamente mulleres (un 72%), a coordinación do proxecto rexentárona os homes. É dicir, dos 7 profesores implicados no proxecto, 4 foron coordinadores (máis da metade) mentres que das 18 profesoras participantes só 5 asumiron este papel. Consideramos importante facer unha lectura deste feito dende a análise de xénero, identificar os factores que o motivan e debater no seo do equipo posibles medidas a ter en conta para favorecer liderados femininos á vez que se mantén a participación dos homes.



*Sei que este proxecto axuda como poucos á igualdade e mellora da convivencia do noso alumnado e paréceme incluso un pouco inxusto que ás veces prime máis a vistosidade das iniciativas que se convocan que se realmente cumpren cos seus obxectivos ou non co alumnado. Estou moi agradecida a todas e cada unha das persoas que interviñeron e é para felicitar a todos e todas porque creo que poucas actividades son tan eficaces para axudar a formar boas persoas que contribúan a un futuro mellor e máis xusto.*

*(Ana María Pérez, profesora de Tecnoloxía e directora do CPI Castroverde).*



## Saltando as pozas

- ❁ Parécenos imprescindible mellorar nesa información previa co profesorado. Pensamos que é moi importante que teñan sempre presente as datas, o número de horas necesarias, a actividade que se vai a realizar e o obxectivo da mesma en relación ao fío condutor do proxecto. Ocorresenos que organizar a información en forma de Almanaque ou Axenda pode ser unha boa idea, non só para marcar datas clave dentro do curso, senón para indicar cando teñen que estar facendo un seguimento máis exhaustivo dos traballos. Sobre todo parécenos importante facilitarlles ese material para que as persoas coordinadoras ou o persoal docente máis implicado no proxecto poida transmitirille a información ao resto de compañeiros e compañeiras.
- ❁ Tamén consideramos que intentar facer encaixe de Camariñas para conseguir dinamizar unha xornada formativa con todos os profesores e profesoras debería ser un elemento irrenunciable deste proxecto. Xerar un espazo inicial no que coincidamos todas as persoas implicadas na proposta, conxugándoo dun xeito lúdico e entretido é algo que, de seguro, levará consigo moito traballo pero que fortalecerá o transcurso do proxecto. Nesta liña, as entidades que conforman o equipo de traballo deste proxecto son conscientes desta necesidade e, de cara a vindeira edición de O Mundo que Queremos, están a argallar novos espazos para conseguir conxugar ese momento de encontro e de formación.
- ❁ De novo, quedou evidenciado que hai que volver a darlle unha volta ao acto final do proxecto. Isto é algo que o equipo xa ten interiorizado pero que non quita o enorme traballo que haberá que facer para atopar espazos que permitan acoller a tantos mozos e mozas sen renunciar á música como ferramenta de denuncia. De feito, sería moi positivo aproveitar ese encontro para facer unha proposta práctica de obradoiro onde traballar ese tema, xa que varias compañeiras do equipo consideraron que non se afonda na metodoloxía musical.




*A capacidade que tivo a educadora e este proxecto  
de motivar ao alumnado foi unha pasada.  
(José Miguel, Xefe de Estudos do IES de Beade)*



## Os paraugas do inverno

- ❁ Guía de recursos de Educación para o Desenvolvemento. **Materiais de ONGD**. A Coordinadora de ONGD estatal concentrou nunha guía de recursos os diversos materiais xerados polas numerosas entidades que conforman o sector do desenvolvemento no Estado. Resulta interesante consultala para coñecer mellor o panorama das ONGD, as temáticas nas que traballan e os contactos específicos a través dos cales poder solicitar os materiais.  
<http://guiarecursos-epd.coordinadoraongd.org/>
  
- ❁ Princiñas e princesiños. **Educación emocional, estereotipos de xénero**. Este vídeo trata de recompilar as mensaxes de alumnas e alumnos de 4º de Primaria de colexios públicos de Pontevedra, participantes no programa nAmorAndo, financiado polo concello de Pontevedra. Nel traballáronse a identificación e expresión das emocións básicas como forma natural de expresión en ambos sexos, a ruptura de estereotipos sexistas e a reflexión sobre tópicos do amor romántico. Parécenos un proxecto ben próximo a este Mundo que Queremos. <https://vimeo.com/126739397>
  
- ❁ Metodoloxía do Teatro-Foro (Augusto Boal): unha ferramenta poderosa para construír a participación popular. **Teatro dxs Oprimidxs**. Nesta páxina recóllese dun xeito breve e práctico a proposta do Teatro dxs Oprimidxs propoñendo exercicios e xogos para motivar e guiar a práctica desta metodoloxía.  
<https://escuelapopularcineytv.wordpress.com/2012/06/23/metodologia-del-teatro-foro-augusto-boal-una-herramienta-poderosa-para-construir-la-participacion-popular/>
  
- ❁ Revista Interuniversitaria de Formación do Profesorado Nº 67. Monográfico sobre as comunidades de aprendizaxe. **Propostas educativas transformadoras**. Centradas na premisa da diversidade como factor de excelencia educativa e no diálogo como ferramenta básica de transformación e convivencia, as comunidades de aprendizaxe son un modelo educativo totalmente transformador, cunha presenza cada vez máis importante en distintos puntos do Estado.  
[http://www.aufop.com/aufop/uploaded\\_files/revistas/1268689288.pdf](http://www.aufop.com/aufop/uploaded_files/revistas/1268689288.pdf)



# TERCEIRA ESTACIÓN: O ESTOUPIDO DA PRIMAVERA

*Non son estación de metro  
nin son estación do tren,  
pero son unha estación  
onde mil flores se ven.*

Todo o traballo previo permitiu a explosión de actividade que caracteriza a este proxecto. Foron cinco as intervencións que se levaron a cabo na aula e todas seguiron un fío condutor co que se pretendía entender as relacións de inxustiza que se viven no mundo incidindo na nosa corresponsabilidade como cidadáns e cidadás da parte máis privilexiada do planeta. Todas as intervencións leváronse a cabo a través de metodoloxías participativas coas que traballar ferramentas caracterizadas pola súa expresividade artística e polo seu potencial como mecanismos de denuncia e de traballo de conflitos latentes. Ademais, o estoupido do proxecto veu protagonizado polas visitas de Rina Ábrego (El Salvador, pertencente á asociación APROXAL), Cristiana Luis Francisca (República Dominicana, activista de MUDHA) e Braima Edy Sambu (Guinea Bissau, membro de ALTERNAG) que, sen dúbida, marcaron un punto de inflexión tanto no discurso coma no ritmo do proxecto.

*Nesta estación falaremos das intervencións nas aulas, das metodoloxías empregadas, os materiais repartidos e das visitas do Sur.*

**As preguntas da primavera:** Como foron os materiais e as intervencións na aula? Como foi toda a xestión das visitas do Sur? Cales foron as diferenzas e as valoracións en relación co ano pasado? Que opinan as visitas desta xeración de espazos de intercambio (IOV.R3.5)?

Ao igual que aconteceu na intervención do ano pasado, neste curso 2014-2015 escoitamos tres voces con acentos doutras latitudes, foron dúas voces de muller e unha voz dun home. A **visita do Sur** é un elemento definitorio deste proxecto e un elemento básico para acadar o obxectivo. Porén, houbo diferenzas no que respecta a estas visitas en relación cos dous anos de vida do proxecto. Nesta segunda edición decidiuse traer a tres persoas de tres países diferentes, cunha traxectoria vital ampla e cun discurso moi potente (o ano pasado, as tres persoas que viñeron a visitarnos procedían todas do mesmo país - El Salvador - e eran moi novas - entre 18 e 21 anos -). No tocante ao resto de actividade na aula, a grande diferenza con respecto ao ano pasado consistiu en que houbo **un obradoiro máis de radio e de fotografía**, unha demanda do curso anterior que se materializou neste. Por outra banda, e de xeito transversal a todo o proxecto, impulsouse un **Plan de Comunicación** que tampouco existira na primeira edición do proxecto e que foi considerado como imprescindible por moitas das ONGD participantes.



Se ben o ano pasado no equipo de ONGD existían certas dúbidas sobre a dispersión que podería provocar tanta variedade metodolóxica na aula (obradoiros, radio, fotografía, teatro, visita do Sur, concerto final), este ano a opinión practicamente unánime do equipo é a de entender como moi positiva a pluralidade de ferramentas creativas de denuncia social. E así o percibiu tamén o profesorado (como puidemos comprobar no *inverno fortalecedor*). De todos os xeitos parécenos que pode ser interesante, para

conseguir que todos os axentes implicados no proxecto (incluídas as visitas) entendan o fío condutor do mesmo, que exista un breve manual que vaia explicando as diferentes ferramentas metodolóxicas. Pensamos que iso conseguirá reforzar o fío do proxecto afianzando un pouco máis a consecución do obxectivo.



Nesa mesma liña, os materiais de traballo na aula son diferentes en función da actividade que se vaia a impulsar. Aportouse documentación inicial ao profesorado no que respecta aos Obxectivos de Desenvolvemento do Milenio (nun curso moi interesante para o seu traballo na aula dende unha óptica reivindicativa, xa que 2015 era o ano límite para a súa consecución) e tamén sobre o traballo da Educación para o Desenvolvemento dende a perspectiva da Cidadanía Global. Porén, dende o punto de vista do profesorado, a pesar de que consideraron que o primeiro obradoiro foi fabuloso no que respecta á sensibilización do alumnado, botaron en falla algunha sesión na que traballar mellor o contido. Demandan dar resposta á pregunta “*por que estamos a traballar isto?*” de maneira máis informativa e actualizada.



Os materiais facilitados para o traballo de radio e fotografía foron creados case exclusivamente para este proxecto. Para esta actividade o profesorado non solicita máis documentación (xa que a que houbo considerárona suficiente e asimilárona moi ben). O que si fixeron explícita foi a necesidade de crear algún momento no que poder matizar cuestións e asentar a información dos obradoiros. As profesoras propoñen levar a cabo un terceiro obradoiro de radio e fotografía pero, dada a imposibilidade de que iso sexa posible, pensamos que se podería crear un material específico con preguntas xeradoras para poder afianzar os coñecementos, a práctica e a filosofía da comunicación de denuncia.



Onde si se percibe que houbo certa falta de información foi no que respecta ás visitas do Sur. Se ben si que se mandou información sobre os países e se fixo ese traballo previo, as visitas deste ano trouxeron consigo unha serie de temáticas e problemáticas intensas que o proxecto non preveu. Falamos concretamente da situación límite que están a vivir as dominicanas e dominicanos de ascendencia haitiana tras a posta en marcha do novo Plan de Regularización de Estranxeiros da República Dominicana<sup>5</sup>. Sen dúbida, foi un tema moi complexo para o alumnado, tal e como expresaron dende o CPI Viaño Pequeno (Trazo): *Eu quedei moi preocupada porque os de 1º non se enteraban*

---

<sup>5</sup> Imaxinemos que unha persoa española nacida en España, con pais e avós no país dende hai décadas, vese despoxada repentinamente da súa nacionalidade española por ser descendente de africanos. É o que pode ocorrer en República Dominicana. O país caribeño afronta un serio exame en materia de dereitos humanos. A sentenza 168-13 do Tribunal Constitucional dominicano, emitida o pasado mes de setembro, deixa sen nacionalidade a miles de cidadáns e cidadás dominicanas descendentes de estranxeiras, na súa grande maioría haitianas. Adaptación dunha parte do artigo de Olga Rodríguez para Desalambre que se pode consultar neste enlace: [http://www.eldiario.es/desalambre/inmigracion/siento-dominicano\\_0\\_205430073.html](http://www.eldiario.es/desalambre/inmigracion/siento-dominicano_0_205430073.html)

*moi ben da realidade de Cristiana. Despois fixen un feedback para ver que lles chegara, porque para nós tamén era moi nova a problemática que tiñan en República Dominicana. Entenderon bastante pero houbo que volver ao tema para entendelo ben.*



Este tipo de opinións e de sensacións non pasaron o ano pasado onde o perfil das persoas que viñeron doutras latitudes era o de xente máis nova cuns discursos e unhas reivindicacións máis próximas ás realidades das mozas e mozos galegos. Se ben todo o equipo entendeu que este ano as visitas enriqueceron moito o discurso do proxecto porque se traballaron tres países diferentes e contamos con persoas cunhas traxectorias vitais ben interesantes e potentes, si que é verdade que a sensación é de que os mozos e mozas non empatizaron tanto cos seus discursos. **De feito, o 56% das rapazas e rapaces entrevistados contestaron que non se sentiron identificados coas realidades e as experiencias das visitas do Sur.** Por outra banda, un 23% do alumnado contesta que si se sente identificado pero non sabe explicar o porqué. Das sete persoas que concretan un pouco máis a súa resposta, dúas céntranse no machismo (común a ambas realidades), unha persoa na escaseza de traballo, outra compara a situación de República Dominicana cos desfiuzamentos e as tres últimas falan de similitudes en xeral especificando que a situación dos outros países é moito peor.



Con todo, si que puidemos comprobar os efectos que produciu a aposta por traer xente de tres países diferentes. Despois dunhas semanas moi intensas de convivencia diaria Braima, Rina e Cristiana teceron lazos entre si, coñeceron as realidades dos demais países (a problemática de República Dominicana tamén era descoñecida para eles). *Imagina que yo no sabía lo que estaba pasando en República Dominicana! ¿Qué piensas? Yo ahora soy consciente. Yo tampoco sabía lo que pasaba en El Salvador. Y ellas no sabían lo que pasaba en Guinea Bissau. Es un intercambio muy importante para saber que en todo el mundo tenemos dificultades brutales,* comentounos Braima.



Tanto Rina, como Cristiana e Braima valoraron moi positivamente a xeración deste espazo de encontro e de coñecemento mutuo, e incluso recolleemos unha proposta con acento dominicano: *Una de mis recomendaciones sería poder invitar cada vez a más países. Que no sean tres, que se puedan juntar diez. También que se cree una especie de coordinación o plataforma entre todas las organizaciones que ya han pasado por el proyecto, y que no sea que nosotros volvemos a nuestro país y se acabó. Que se creen redes, que se mantega una conexión entre las personas que vinimos alguna vez acá. Que al final quede como algo continuado. Que quede como una especie de red.*



No terreo da loxística, a visita do Sur supuxo un dos momentos máis críticos de todo o proxecto. O feito de traballar en nove centros educativos tan afastados xeograficamente e a necesidade de chegar nas horas establecidas polos centros,

marcou un ritmo frenético provocando situacións de estrés e moito cansazo final, especialmente para unha das educadoras do proxecto que asumiu toda a parte do traslado. O esforzo tamén se viu multiplicado polo intento de que as visitas estivesen presentes no acto final, se ben se están a valorar novas opcións de participación a distancia que non resten presenza nin multipliquen esforzos., como pode ser o emprego de ferramentas de comunicación en tempo real (skype) ou mesmo en diferido (vídeos).



Por outra banda, tamén se detectaron dificultades na xestión previa da viaxe. Por cuestións de idoneidade e coherencia invitouse a participar a entidades que empregan, para levar a cabo a súa incidencia, as técnicas que vertebran este proxecto (a radio e o teatro), organizacións que contan cunha traxectoria de traballo previo con ACPP. Deste modo, a xestión das viaxes tanto de Rina coma de Cristiana e Braima delegouse dun modo case que natural nesta entidade, incorporada este ano ao proxecto. Neste sentido, o grupo de traballo é consciente de que faltaron máis espazos de reunión presencial para contestar certas preguntas, como por exemplo, cales son as múltiples tarefas que implican a xestión das visitas e como se asume a distribución das mesmas?, é responsabilidade de todo o equipo ou da entidade coa que teñen maior relación?

### Cheirando as flores da primavera



Pensamos que pode resultar interesante crear un espazo para presentar e valorar todos os materiais achegados ao profesorado (tanto os de elaboración propia do proxecto como os complementarios), para así detectar posibles puntos de mellora e non deixar de avanzar no proceso de maduración deste proxecto.



Parécenos tamén que unha das reflexións de cara á seguinte edición é valorar moi ben o perfil das persoas que van a vir (decidir que tipo de perfil buscamos) e coñecer os conflitos latentes dos países de procedencia para poder facer un bo traballo previo e unha correcta previsión da viaxe. Non falamos en clave loxística senón a nivel de contidos, aínda que somos conscientes de que os problemas no trámite de visados dificultan moito a posibilidade de madurar os contidos. Pero este ano presentouse o duro conflito que se está a vivir en República Dominicana, unha situación totalmente invisibilizada no noso entorno. A sensación que se viviu no equipo é que, nun proxecto que trata de traballar a necesidade da denuncia, non se previron mecanismos para artellar fórmulas de incidencia nas que puidesen participar, ou mesmo liderar, a mocidade galega e contribuír dun xeito real á visibilización dunha problemática silenciada. Pensamos que houbo unha oportunidade ben interesante de poñer en práctica o que esta intervención expresa e non deberíamos deixar pasar a oportunidade na vindeira edición.

## Os ventos cálidos do Sur

**A voz de Rina:** As súas emocións. *AMOR: Veo cómo todos y todas trabajan y le echan ganas y se motivan con nuestras realidades. ALEGRÍA: Compartir con los jóvenes siempre es importante y nos llenan de energía. TRISTEZA: Porque estar contando cada vez nuestras historias nos genera esa sensación de "hay más que hacer, muchas cosas que tenemos que trabajar". Y quizás también conocer otras experiencias que a veces pueden ser más duras que nuestras propias realidades y dices "bueno, vamos caminando". Lento, pero vamos caminando.*

**A voz de Cristiana:** O seu momento. *En una de las escuelas mientras estábamos explicando la situación de nuestros países hubo una joven que estaba llorando. Lloró porque cuando explicábamos la forma en la que los niños y las niñas recibían la educación, cómo era la estructura de la escuela la niña nos dijo "esa estructura ni para poner los animales en mi casa se utiliza". Ella lloró y nosotros lloramos con ella.*

**A voz de Braima:** O que se leva. *Tenemos que valorar esta capacidad de trabajar juntos. Diferentes conocimientos, experiencias, labores... juntos, podemos cambiar algo. Porque al final tenemos el mismo problema. Porque todo lo que queremos es que el mundo sea más justo.*



*Algo que me ha emocionado ha sido la actitud que presentan los jóvenes, toda la escuela, incluso el profesorado. Porque en mi país como vivimos una situación de discriminación, sobre todo por el color de piel... pues ver que estos jóvenes de acá, que son los que realmente pensaríamos que nos pueden discriminar por nuestro color, ver que realmente no lo hacen y que ha sido al contrario, nos acogen sin ningún problema, se acercan a nosotros y nos abrazan; pues es una emoción que yo nunca la había sentido en ningún lugar.*

*(Cristiana Luis Francisca, República Dominicana)*



*Para cuñas, pau de toxo; para fungueiros, carballo;  
para conservar as verzas, unha mañá de orballo*

### Toxeiras en flor



Vídeo Educación Dixital Crítica. **Visión crítica das tecnoloxías da comunicación.**

Parécenos unha proposta moi inspiradora que traballa na liña do obxectivo deste proxecto. Se ben en O Mundo que Queremos se pon o foco en ferramentas de comunicación máis tradicionais (como son a radio e a fotografía), estas tamén se viron suxeitas aos cambios tecnolóxicos motivados polo mundo dixital no que nos movemos. O vídeo explicativo e a proposta de guía parécennos tremendamente interesantes para inspirarnos e seguir florecendo nas vindeiras primaveras.

<http://aprendizajes.medialab-prado.es/2015/07/24/video-de-educacion-digital-critica-en-medialab-prado/>



APROCSAL: Asociación de Promotores y Promotoras Comunales Salvadoreños.

**Seguindo a pista.** A asociación da que forma parte Rina Ábrego ten páxina web e páxina en facebook. Resulta moi interesante ir seguíndolles as loitas para poder apoiálas cos nosos recursos.

<http://aprocsal2011elsalvad.wix.com/aprocsal-el-salvador>

<https://www.facebook.com/aprocsal>



MUDHA: Movimiento de Mujeres Dominico - Haitiana. **Seguindo a pista.**

A charla de Cristiana Luis Francisca foi sen dúbida unha das máis intensas e protagonizou algún dos momentos máis emotivos do proxecto (tanto dentro das aulas coma noutros espazos de encontro xerados a raíz das visitas). Se queremos coñecer a situación do conflito xenófobo en República Dominicana é interesante non perderlle a pista á súa páxina web ou páxina de *Facebook*.

<http://mudhaonq.org/en/>

<https://www.facebook.com/onqmudha>



Firma a petición de apoio ás dominicanas e dominicanos. **Incidencia nas redes.**

Amnistía Internacional é unha organización independente especializada na defensa dos dereitos humanos. Ofrece varias posibilidades de colaborar con eles a través do ciberactivismo. Unha das accións máis estendidas (e que cada vez levan a cabo máis colectivos) é a da recollida de firmas. No seguinte enlace poderedes asinar para posicionarvos ante as autoridades dominicanas.

<https://www.es.amnesty.org/actua/acciones/republica-dominicana-expulsiones-jun15/>





## CUARTA ESTACIÓN: O VERÁN DOS FROITOS

*O día de San Xoán créballe a primeira raíz ao pan;  
o de San Pedro, créballe a do medio;  
o de Santiago, créballe a do cabo,  
e o de Santa Isabel, fouchiñas a el.*

As árbores que se curtiron no inverno e floreceron na primavera deron os seus inevitables froitos coa chegada do solsticio de verán. Os mozos e mozas que habitaron este Mundo son, indiscutiblemente, as protagonistas de todo o que xerminou, brotou e medrou neste curso. Nesta estación de recollida e goce de cereixas, pementos e tomates, escoitamos o que opinaron estas rapazas e rapaces de todo un ano cargado de froallo, morriñadas, raiolas e soladas.

*Así, falaremos da valoración do alumnado de cada actividade, valoraremos os seus traballos, veremos que aprenderon ao longo de todo o curso e tamén o que sentiron ao participar neste proxecto.*

**As preguntas do verán:** O alumnado é capaz de identificar o xeito de exercer unha responsabilidade coa comunidade (IOV.OE.2)? O alumnado adquiriu habilidades educomunicativas como persoas receptoras e emisoras de contidos capaces de vincular as realidades do seu contexto local coas dinámicas globais (IOV.OE.3)?

Practicamente todos os indicadores do obxectivo específico deste proxecto céntranse no alumnado e no seu proceso de concienciación e asimilación do contido e metodoloxías da intervención. Se ben contamos con suficientes voces en primeira persoa, múltiples e diversas, que poñen as baldosas das impresións e recomendacións a ter en conta, tería sido moi interesante facilitar espazos de avaliación na propia aula, que afiancen o noso paso por ese camiño. Non entanto, a lectura deste apartado complétase co exposto ao longo de todo o documento, ofrecendo unha perspectiva global das diferentes implicacións e resultados que acadou esta intervención.



Segundo os informes elaborados a raíz das enquisas de valoración dos obradoiros, o primeiro encontro no que se traballaron os ODM gustoulle moito ao 88% do alumnado; a formación de radio e fotografía gustou moito a un 73% das persoas enquisadas; e a peza de Teatro dxs Oprimidxs *A viaxe de Ana* gustou ao 94% dos mozos e mozas.



En relación coas Visitas do Sur, as enquisas de avaliación centrábanse en coñecer as impresións que lles espertara ao alumnado a charla de Rina, Cristiana e Braima así como se consideraban preciso poder asistir a unha actividade deste tipo. Nese sentido, **o 93% das mozas e mozos fixeron explícito que consideran necesario coñecer este tipo de experiencias.** *Non se pode vivir cos ollos pechados*, comentan. No que respecta á impresións, estas son tan variadas e diferentes que resulta complexo establecer unha clasificación sinxela polos múltiples matices das respostas. Quedounos claro que esta charla tocoulles e, ao longo da mesma, transitaron pola tristeza, a ledicia, a impotencia, as gañas de cambiar o mundo, a angustia e a admiración. Que interesante sentir tanto e ser conscientes de todos eses sentires!



No tocante ás aprendizaxes dos mozos e mozas, nos informes de avaliación móstrase dun xeito bastante claro a evolución que experimentaron dende a sensibilización dos primeiros momentos ata o proceso de concienciación que indigna e mobiliza. Así, a través do primeiro obradoiro, contestan que coñeceron os datos das desigualdades internacionais no reparto da riqueza no mundo e moitos e moitas fan explícito que tomaron conciencia da situación. Nas formacións sobre radio e fotografía queda bastante claro (especialmente no que respecta á radio) que unha parte importante da aprendizaxe foi o manexo da ferramenta, máis que os coñecementos sobre as temáticas elixidas. Isto si que nos permite afirmar que **o alumnado adquiriu habilidades educomunicativas para a emisión de contidos** (non queda tan claro nas respostas que esta formación tamén a vaian a aplicar na parte da recepción). Pensamos que un dos puntos de inflexión deste proxecto que fai que o alumnado pase das caritativas “gañas de axudar” á indignación máis transformadora é a peza de Teatro dxs Oprimidxs. Ante a pregunta *con que mensaxes te quedas despois do debate?*, o alumnado contesta ideas coma as seguintes: *dignidade humana, non á submisión, defensa dos nosos dereitos, necesidade de ser máis críticos, empatía coas demais persoas*. Pensamos que son respostas que mostran o nacemento desa corresponsabilidade na construción da xustiza social que demanda o obxectivo deste proxecto.



Centrándonos nos traballos de radio e fotografía realizados polos mozos e mozas, en total, leváronse a cabo proxectos educomunicativos dos oito Obxectivos de Desenvolvemento do Milenio, polo que se traballaron todas as temáticas propostas. Por outra banda, a través dos resultados finais si que comprobamos que, en practicamente todas as temáticas (exceptuando a relacionada co ODM 2 *Acadar a educación primaria universal*) conseguiuase facer un traballo de vinculación da problemática no noso contexto galego ou estatal coa situación a nivel global. Se ben non se extrae dos traballos unha lectura dende a corresponsabilidade das nosas accións no resto do mundo, si que se traballan as problemáticas dende a nosa propia óptica, de maneira que a pobreza ou o VIH non son só problemas doutras latitudes (que tamén, e moito) senón que se ve e se están a incrementar no noso propio entorno. Por outra banda, nalgúns traballos, especialmente os radiofónicos, si que é posible identificar algunhas accións para intentar cambiar as cousas, aínda que se quedan nas protestas e no voluntariado. Nese sentido, si que se **identifican xeitos de exercer unha responsabilidade coa comunidade**, aínda que non resultaron unha novidade para os mozos e mozas, pois son os clásicos xa coñecidos e que non sempre están baseados no exercicio dunha cidadanía activa.



*Aprendín que hai que loitar a morte polos nosos  
dereitos e en contra das inxustizas.  
(Alumna do IES Alfoz-Valadouro)*



Analizando as respostas que nos deron as rapazas e rapaces entrevistados (36 en total, 18 homes e 18 mulleres) á pregunta *Que aprendestes con este proxecto?*, podemos establecer as seguintes categorías: 18 persoas, 9 mulleres e 9 homes (50% do total) emiten unha resposta relacionada coa adquisición de coñecementos e sensibilización sobre as desigualdades internacionais ou sobre algunha das temáticas do proxecto. O 31% (3 mulleres e 8 homes) céntranse na parte máis proactiva, falando de axudar, compartir e respectar; mentres que o 17% (5 mulleres e 1 home) si que falan da necesidade de loitar e defender os dereitos, así como denunciar situacións de discriminación e malos tratos, avanzando un chanzo máis cara a corresponsabilidade cidadá. Hai unha rapaza que non sabe que responder á pregunta.

### Indo ás cereixas



Podería ser interesante abordar algún dos obradoiros dende a óptica das accións reivindicativas e transformadoras, contando que cousas se fixeron para cambiar unha serie de problemáticas. Pensamos que aos mozos e mozas lles faltan referentes nese sentido xa que, á hora de pensar en xeitos de colaborar para cambiar o mundo, as alternativas que elixen sempre son as protestas, o voluntariado ou a recollida de cartos ou alimentos.



Nesta liña, o profesorado comentou que para as rapazas e rapaces podería ser moi enriquecedor facer unha acción de reivindicación conxunta e colaborativa (entre todos os centros). Esta podería ser unha idea de acto final interesante onde poidan interactuar os alumnos e alumnas dos diferentes centros educativos. Se este ano, por exemplo, se incorporase dende un pouco antes a situación de República Dominicana igual se podería ter xestionado unha recollida de firmas ou unha concentración diante do Parlamento galego, por exemplo. Son actuacións non incompatibles coa realización doutras accións máis lúdicas que, se ben precisan dunha análise de todas as implicacións que terían, sen dúbida estarían máis acordes ao obxectivo proposto de fomentar a corresponsabilidade dos mozos e mozas na consecución da xustiza social.



*Nós por exemplo tivemos accións concretas, que eu lle dixen a María que ía a levar a cabo dende o principio. Que accións concretas fixemos? Pois partimos das necesidades do pobo de Boiro. Que ONG están traballando as necesidades de Boiro? Pois está Contacto, está Cáritas, está a Cruz Vermella. Entón fixemos campañas de recollida de alimentos, recollida de roupa... para que os rapaces se implicaran directamente e tiveran a experiencia real.*  
(Profesoras do IES A Cachada de Boiro)

*Do tamaño dunha abella,  
enche a casa ata a tella.*

### Luzadas de agosto



Vídeos Africa for Norway. **Visión crítica da axuda asistencialista**. Pode ser interesante ofrecerlles este recurso tanto ao profesorado coma ao alumnado para que quede clara a liña filosófica da que parte o proxecto. Dende a ironía e o sarcasmo, Africa for Norway critica as grandes campañas de recadación de fondos a través das persoas vinculadas ao mundo do espectáculo, así como a figura dun voluntariado internacional sen discurso e cunha perspectiva inxenua do que acontece no continente africano.

<http://www.africafornorway.no/>



Vídeo traballo en equipo. **Corresponsabilidade colectiva**. Pensamos que tamén é preciso incorporar dun xeito claro a necesidade de que esa corresponsabilidade non sexa individual (que tamén), senón que ante unha problemática común, o xeito máis eficiente de actuar é o colectivo. Este vídeo representa bastante ben esta idea.

<https://www.youtube.com/watch?v=0tFrulFmlp8>



Ficheiro de actividades para traballar a solidariedade. **Recursos para traballar co alumnado**. Este catálogo recolle moitas actividades para traballar co alumnado diferentes temas relacionados coas desigualdades internacionais. De aquí podemos extraer ideas, dinámicas xa elaboradas, con toda a información precisa para poñelas en marcha.

[http://pdf2.hegoa.efaber.net/entry/content/102/Fichero\\_casCP.pdf](http://pdf2.hegoa.efaber.net/entry/content/102/Fichero_casCP.pdf)

# MÁIS ALÁ DAS CATRO ESTACIÓNS

*Díxolle o Neno a san Xoán:*

*"De ti a min baixarán e de min a ti medrarán"*

Os días van mingando e as noites medrando. A fiestra indícanos que está volvendo o outono soñador e o silencio de tantas voces caladas invítannos a gozar dun momento de reflexión acougada. Máis alá das aprendizaxes que vivimos neste ano, agora recollemos pensamentos para o mundo que vén, que está preto, moi preto das nosas xanelas.

■ **As forzas:** Este ano quedou claro que os recursos asignados a esta intervención, tal e como está deseñada (volumen de actividades, visita do Sur, acto final) non se pode ampliar a máis de 5 centros. Neste curso traballouse con 9 e o nivel de cansazo e de estrés repercutiu no equipo o que fixo minguar o bo clima colectivo tan ilusionante e motivador que se creou o ano pasado.

■ **A Xunta:** Botamos en falla máis participación das institucións, máis presenza, máis coñecemento do que se fai. Tanto por parte da Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE como da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa. Se ben temos claro que queremos incidir nestes espazos, aínda non nos formulamos as preguntas a responder: De que modo queremos que participen? Para que o queremos? Que estratexias de achegamento queremos por en marcha?

■ **Repetimos?** Unha das cuestións máis complexas que tentamos dilucidar como equipo foi a finalidade dunha intervención de ED coma é *O Mundo que Queremos*: queremos que sexa un proceso a longo prazo cos mesmos coles ou unha proposta anual que busca estenderse o máximo posible? Tal e como está pensado agora mesmo o proxecto, o seu formato está pensado para que non se repita co mesmo alumnado, porque, aínda que se poden facer adaptacións das actividades<sup>6</sup>, elaborar unha especie de segunda fase do proxecto precisa de máis recursos dos que se poden dispoñer. Dado que deben ser os centros os que soliciten participar neste proxecto (polas características do Plan Proxecta), o consenso acadado co equipo será que se analizará o caso de cada centro de xeito particular. Parécenos interesante rescatar nesta conclusión unha idea que saíu na avaliación grupal: debemos tomar estas decisións tendo en conta sempre ao alumnado. Se a implicación do profesorado dun centro non cumpriu coas expectativas do equipo, non debemos tomar a decisión precipitada de non

---

<sup>6</sup> Como foi o caso do Teatro dxs Oprimidxs, xa que no IES Carlos Casares participou o mesmo alumnado e non se representou a obra, senón que se fixo un obradoiro que estivo moi ben valorado.

repetir nese centro en concreto. De feito, é posible que sexa onde máis debamos estar, para tentar, cunha intervención máis ampla, conseguir esa implicación do profesorado e do centro. As profesoras e profesores activos e comprometidos teñen recursos suficientes para traballar estes temas e saben onde buscalos.

■ **O famoso xénero:** Aínda nos falta para poder falar dun proxecto cun enfoque de xénero transversalizado en toda a intervención. Pensamos que non imos por mal camiño e que hai moita xente no equipo con moito interese por avanzar nesa liña. Neste sentido, parécenos que pode ser interesante crear algún indicador de xénero a nivel de obxectivo que se poida medir todos os anos e do cal podamos extraer conclusións. Un indicador que nos axude a dirixir a mirada, e para elo temos que pensar canto de ambiciosas queremos ser: centrarnos na análise da participación, das relacións, dos materiais e actividades, dos produtos elaborados...

■ **Redeiras (nosas):** O profesorado tamén nos propuxo que tentemos crear rede entre todos os profesores e profesoras que participaron nas distintas edicións de O Mundo que Queremos.

■ **Comunicación:** No tocante ao Plan de Comunicación (unha novidade deste ano e que foi valorada como imprescindible) pensamos que acadou uns resultados moi positivos para ser o seu primeiro ano de andanza. O Plan de Comunicación, tal e como está estruturado, contempla o nivel de comunicación interna (comunicación entre o equipo de entidades) e o nivel de comunicación externa (cos medios de comunicación locais e autonómicos). Pensamos que, de cara a seguinte edición, poderíamos intentar xerar un nivel intermedio no que incluíamos ao profesorado e alumnado (que son públicos que flutúan entre o nivel interno e o externo) para que poidan ser arte e parte do proceso de difusión do Plan. Parécenlles ben a docentes e estudantes as redes nas que estamos? Como poderíamos chegar a máis xente? Anímanse a facer elas e eles difusión das actividades? Animaríanse a elaborar unha nota de prensa? Igual se conseguimos implicalos a este nivel, pódenos resultar máis doado conseguir esas redes das que falamos no punto anterior.

■ **Parabéns!!** Existe un premio a nivel estatal que se lle concede cada ano a unha serie de centros educativos que levan a cabo experiencias exitosas de Educación para o Desenvolvemento. Son os premios Vicente Ferrer e este ano galardoaron ao IES Viaño Pequeno de Trazo, un dos centros participantes no noso Mundo. Parécenos moi motivador comezar o curso que vén con esta estupenda nova!



***Derradeiro dente de león que murmura sobre o ano que vén:*** *Se non participamos o ano que vén e se fai unha acción solidaria colectiva, pódenos invitar porque nos comprometeríamos co proxecto... Porque dalgún xeito seguimos dentro disto e faise rede. A idea sería aunar a todos os centros nunha actividade final na que participen todos os centros. O Día de... non sei que. O Día que Queremos! (risas).*

*(Claudia Myriam Morán. Profesora de Lingua Estranxeira e Coordinadora do Proxecto no CPI Viaño Pequeno)*



## Preguntas para o Mundo que vén...

■ **Por que non...** crear unha liña de formación interna dentro do equipo de traballo? Non só en Educación para o Desenvolvemento (que existen outros espazos formativos), senón para traballar habilidades de mediación, de resolución de conflitos na aula, de xestión das violencias ou de educación emocional. Pensamos que estamos nun equipo heteroxéneo e iso é moi enriquecedor, pero á hora de traballar con mozos e mozas adolescentes, hai unha serie de ferramentas básicas que debemos ser quen de manexar, sobre todo se imos a intervir nas aulas.

■ **Por que non...** facer un pequeno mapa de todos os países que nos viñeron a visitar e de todos os municipios de Galicia nas que estamos a traballar nas diferentes edicións? Ao final, se entendemos esta proposta dende a perspectiva de proceso e do longo prazo, resultaría realmente enriquecedor contar con ese infográfico acumulado de información, no que se poderían resaltar as conversas con todos os axentes.

■ **Por que non...** gravar algún vídeo-tutorial? Vimos que o profesorado demanda máis intervencións na aula (aínda que con matices, porque tamén lles supuxo un problema cos compañeiros e compañeiras á hora de xestionar as horas). Tamén vemos moi complexo que iso poida ser posible. Por iso pensamos que igual poderíamos propoñernos gravar un pequeno vídeo que poida funcionar como terceiro obradoiro de radio e fotografía para afianzar os coñecementos adquiridos e seguir reforzando a perspectiva da denuncia social e da apropiación das ferramentas comunicativas.

■ **Por que non...** contar con grupos artísticos galegos no acto final da edición do ano que vén? Parécenos que ten sentido apostar por grupos que falen dende o noso, da nosa idiosincrasia dentro do mundo global. Grupos como *Sacha na Horta*<sup>7</sup>, *Habelas Hainas*<sup>8</sup>, *Dios ke te Crew*<sup>9</sup> ou incluso a cantautora *Ses*<sup>10</sup> (por mencionar só algúns que xa se comentaron dentro do grupo) poden cumprir co obxectivo do proxecto xa que todas as formacións entenden a música como canle para a expresión reivindicativa e combativa. Como aparece ao principio da páxina web de María Xosé Silvar (*Ses*) *Yo he conocido cantores que era un gusto el escuchar; mas no quieren opinar y se divierten cantando; pero yo canto opinando que es mi modo de cantar* (palabras de "El Martín Fierro" José Hernández).

---

<sup>7</sup> Descubride a Sacha na Horta aquí: <https://sachanahorta.bandcamp.com/>

<sup>8</sup> Habelas Hainas parte da música tradicional e de raíz: <http://musicaengalego.blogspot.com.es/2011/06/habelas-hainas.html>

<sup>9</sup> Se queremos seguir na liña da música urbana, pode ser interesante contar con Dios Ke Te Crew: [https://gl.wikipedia.org/wiki/Dios\\_ke\\_te\\_crew](https://gl.wikipedia.org/wiki/Dios_ke_te_crew)

<sup>10</sup> <http://www.mariaxosesilvar.com/#action>



*Alá vai a despedida,  
despedida dunha rosa  
como me vou despedir-e  
dunha cara tan fermosa*

NON HAI DESPEDIDA COMPAÑEIRAS E COMPAÑEIROS.  
SACADE AS MANTAS QUE VOLVEMOS APAÑAR CASTAÑAS!

